Máis información nas bases específicas da convocatoria que poderán ser consultadas no taboleiro de edictos e na sede electrónica do Concello de O Saviñao (http://concellodosavinao.sedelectronica.gal)

O Saviñao, 27 de xuño de 2022.- O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 1756

## SOBER

*Anuncio*

**EXPOSICIÓN PÚBLICA DA CONTA XERAL 2021**

En cumprimento de canto dispón o artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e unha vez que foi debidamente informada pola Comisión Especial de Contas con data 21 de xuño de 2022, exponse ao público a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2021, por un prazo de quince días, durante os cales quen se estimen interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións que teñan por convenientes.

Sober, 22 de xuño de 2022.- O Alcalde,Luis Fernández Guitián.

R. 1741

## TABOADA

*Anuncio*

**Sumario:** Resolución de Alcaldía de data 21 de xuño de 2022 do Concello de Taboada pola que, concluído o procedemento selectivo, noméase a JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ, para cubrir a praza de TÉCNICO DE XESTIÓN.

Por Resolución de alcaldía de data 21 de xuño de 2022, unha vez concluído o procedemento selectivo, efectuouse o nomeamento de JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ CON DNI: ***1805** como Funcionario de Carreira do Concello de Taboada na praza pertencente ao Grupo A2, C.D.:26, C.E.: 19.401,76 euros, Escala de Administración Xeral. Subescala Xestión. Denominación Técnico de Xestión.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos do artigo 60 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, e do artigo 25.2 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Provisional dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado, aprobado por Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

Taboada, 21 de xuño de 2022.- O Alcalde, Ramiro Moure Ansoar.

R. 1742

## TRIACASTELA

*Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía de 22 de xuño de 2022, foron aprobadas as bases específicas para a selección e posterior contratación de 4 traballadores para a formación e unha brigada de prevención e defensa contra incendios e tres traballadores para actuación de vehículo motobomba ao abeiro do convenio interadministrativo subscrito entre a Consellería de Medio Rural e o Concello de Triacastela, para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de medios de prevención e defensa, para os seguintes postos:

- 1 xefe de brigada
- 1 peón condutor
- 2 peóns de brigada
- 3 condutores de motobomba

Duración dos contratos: 3 meses.

Tipo de xornada: completa

Prazo de presentación de solicitudes: nos cinco días hábiles seguintes ao da publicación deste anuncio de convocatoria no BOP, no Rexistro Xeral do concello en horario de 9.00 a 14.00 horas, de luns a venres e na sede electrónica https://triacastela.sedelectronica.gal.

DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 122 Martes, 28 de xuño de 2022 Páx. 36982

## VI. ANUNCIOS

## B) ADMINISTRACIÓN LOCAL

## CONCELLO DE TABOADA

*ANUNCIO de nomeamento de funcionario de carreira (técnico de xestión).*

Mediante a Resolución da Alcaldía, do 21 de xuño de 2022, unha vez concluído o procedemento selectivo, efectuouse o nomeamento de José Manuel Fernández López, con DNI ***1805**, como funcionario de carreira do Concello de Taboada na praza pertencente ao grupo A2, CD: 26, CE: 19.401,76 euros, escala: Administración xeral, subescala: xestión, denominación: técnico de xestión.

O que se fai público para xeral coñecemento para os efectos do artigo 60 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e do artigo 25.2 do Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción provisional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado, aprobado polo Real decreto 364/1995, do 10 de marzo.

Taboada, 21 de xuño de 2022

Ramiro Moure Ansoar
Alcalde

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia